

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

RESOLUCIÓN do 5 de decembro de 2022 de centros docentes privados concertados dependentes desta consellería para participar no Programa de inmersión lingüística en lingua inglesa a través de actividades dixitais, Digitalweek, para o curso 2022/23.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, mediante a Orde do 5 de setembro de 2022 (DOG do 19 de setembro), estableceu as bases reguladoras e o procedemento de solicitude e concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a centros docentes privados concertados dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para participar no Programa de inmersión lingüística en lingua inglesa a través de actividades dixitais, Digitalweek, durante o curso 2022/23 (código de procedemento ED301L).

Unha vez rematado o procedemento previo á concesión das actividades, cómpre facer pública a relación definitiva de centros seleccionados, de acordo co previsto no artigo 16.2 da devandita orde.

En consecuencia, de conformidade co exposto e por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, como conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

ACORDO:

Primeiro. Publicar a relación definitiva de centros seleccionados, segundo se detalla no anexo.

Segundo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Su-



perior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2022

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022; DOG núm. 151, do 9 de agosto)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades

CVE-DOG: udfvx5y0-nge7-rnj0-3sf2-eplrtrbweqfj0





ANEXO

Código	Centro	Concello	Provincia	Curso	Nº al.	Quenda	Datas	Axuda máx/€
36014234	CPR Plurilingüe Atalaya-Cantabria	Vigo	Pontevedra	6º EP	19	1ª	Do 27 de novembro ao 3 de decembro	6.577,04
36000429	CPR Plurilingüe La Encarnación	Caldas de Reis	Pontevedra	6º EP	23	1ª	Do 27 de novembro ao 3 de decembro	7.961,68
36000417	CPR Plurilingüe San Fermín	Caldas de Reis	Pontevedra	6º EP	24	1ª	Do 27 de novembro ao 3 de decembro	8.307,84
15015366	CPR Plurilingüe Casa do Neno	Santiago de Compostela	A Coruña	6º EP	15	1ª	Do 27 de novembro ao 3 de decembro	5.192,40
36014209	CPR Plurilingüe Andersen Aungalonga	Vigo	Pontevedra	6º EP	25	1ª	Do 27 de novembro ao 3 de decembro	8.654,00
15015779	CPR Plurilingüe Ntra. Sra. de los Remedios	Santiago de Compostela	A Coruña	6º EP	25	1ª	Do 27 de novembro ao 3 de decembro	8.654,00
32003783	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón	Celanova	Ourense	6º EP	20	1ª	Do 27 de novembro ao 3 de decembro	6.923,20
32016194	CPR Plurilingüe Guillelme Brown	O Pereiro de Aguiar	Ourense	6º EP	20	1ª	Do 27 de novembro ao 3 de decembro	6.923,20
36016115	CPR Eduardo Pondal	Cangas	Pontevedra	1º ESO	25	2ª	Do 4 ao 10 de decembro	8.654,00
15013461	CPR Plurilingüe San José	Pontevedra	A Coruña	2º ESO	19	2ª	Do 4 ao 10 de decembro	6.577,04
15004265	CPR Plurilingüe Liceo La Paz	A Coruña	A Coruña	2º ESO	25	2ª	Do 4 ao 10 de decembro	8.654,00
27006255	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Lugo	Lugo	1º ESO	25	2ª	Do 4 ao 10 de decembro	8.654,00
15006390	CPR Plurilingüe Jesús Maestro	Ferrol	A Coruña	1º ESO	14	2ª	Do 4 ao 10 de decembro	4.846,24
32008525	CPR Plurilingüe Divina Pastora	Ourense	Ourense	1º ESO	25	2ª	Do 4 ao 10 de decembro	8.654,00
32016728	CPR Plurilingüe Luís Vives	Ourense	Ourense	2º ESO	17	2ª	Do 4 ao 10 de decembro	5.884,72
36009123	CPR Plurilingüe María Inmaculada	Silleda	Pontevedra	3º ESO	20	3ª	Do 11 ao 17 de decembro	6.923,20
36004514	CPR Plurilingüe La Inmaculada	Marín	Pontevedra	3º ESO	25	3ª	Do 11 ao 17 de decembro	8.654,00
36000351	CPR Plurilingüe Virgen Milagrosa	Bueu	Pontevedra	4º ESO	19	3ª	Do 11 ao 17 de decembro	6.577,04
36005919	CPR Plurilingüe Ángel de la Guarda	Nigrán	Pontevedra	3º ESO	22	3ª	Do 11 ao 17 de decembro	7.615,52
36002323	CPR Plurilingüe Nuestra Señora de Lourdes	A Estrada	Pontevedra	4º ESO	13	3ª	Do 11 ao 17 de decembro	4.500,08
32008410	CPR Plurilingüe Santo Ángel	Ourense	Ourense	4º ESO	25	3ª	Do 11 ao 17 de decembro	8.654,00
15001112	CPR Plurilingüe Nuestra Señora del Carmen	Betanzos	A Coruña	3º ESO	25	3ª	Do 11 ao 17 de decembro	8.654,00

